



ACTA Nº 55

ASEMBLEA ORDINARIA

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o día 8 de xullo de 2017, ás 17:00 horas en Santiago de Compostela, no salón de actos do Colexio Maior San Clemente, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

Asistentes

D. Román Blanco Casal	Club Bueu Atl.
D. Manuel A. Camiña Fernández	Club Bm. Cangas
D. Carlos Pereiro Sánchez	Club Bm. Camariñas
D. Roberto Selín García	Club Bm. Culleredo
D. Rafael Martínez Castro	Club Sd. Carballal
D. Nicolás Martínez Iglesias	Club A.D. Galicia Social
D. Fco. Javier Rodríguez Costas	Club UB. Lavadores
D. Luis P. Candamio Díaz	Club Bm. Lucus
D ^a Laura Barrio Balseiro	Club Bm. Narón
D. Víctor Novoa Carrera	Club Bm. Pabellón Ourense
D. José Deus Losada	Club Bm. Pontedeume
D. Lorena Lago Seijo	Club Bm. Porriño
D. Xosé Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D ^a Pilar Sotelino Couñago	Club S.A.R.
D. Manuel Da Silva Sousa	Club Seis do Nadal
D. Carlos García-Alén Acosta	Club S.D. Teucro
D. Enrique Villares Bermúdez	Club Bm. Viveiro
D. Juan C. Lois Pastoriza	Club Bm. Xallas Fútbol
D. José A. Rodríguez Fraga	Club Ad. Xiria
D. Jorge Fernández Carrera	Adestrador
D. José M ^a Cid Teixeira	Xogador
D. Andrea Cabaleiro Veloso	Árbitro
D. Pedro M. Eiras Abalde	Árbitro

Preside a mesma o Pte. da Federación Galega de Balonmán D. Xosé Luis Pérez Ouro, estando na mesa da presidencia o Presidente da Área de Competicións D. Ricardo Agulló Leal, o Delegado Provincial de Lugo D. Bruno López Molina, o Delegado Provincial de Ourense D. José Manuel Pérez Otero, o Delegado Provincial de A Coruña D. Ignacio Permuy Varela e a Secretaria Xeral D^a M^a Luisa Sueiro Cardoso.

Toma a palabra o Presidente D. Xosé Luis Pérez Ouro, para informar brevemente da orde do día.

Pide autorización a asemblea para que podan asistir á mesma algúns asistentes que veñen de acompañantes. Os asembleístas presentes aproban a súa presenza sin voz nen voto.

O Sr. Ouro informa que a asemblea voltouse a facer en Santiago xa que hai que ter mobilidade, e por un criterio de equidade, xa que no ano anterior a asistencia foi masiva, aínda que este ano o número é



inferior, nesta assemblea o que se vai a decidir é cómo se van a plantexar as competicións na vindeira tempada.

Quere facer unha reflexión e pedir aos asistentes que o que non se pode e votar unha competición e despois crítica-la, xa que son os assembleístas os que deciden, e que é nesta reunión é onde se debe discutir e plantexar as competicións.

O Sr. Ouro fai unha breve exposición do que foi a tempada:

Na División de Honra Masculina ascendeu o Club Sd. Teucro. O Club Bm. Cisne mantense na prata, polo que na vindeira tempada haberá dous equipos na Asobal e un na D.H. Prata. O grupo de 1º Nacional será de 16 equipos, e aínda que houbo dous descensos, SD. Carballal e Bm. Octavio, ascendeu o Bm. Camariñas, queda unha praza valeira pola que se está pelexando para que sexa dun equipo galego, e que por dereitos deportivos lle correspondería ao Club Bm. Octavio.

Nas categorías femininas, o éxito máis importante é que o Club Atl. Guardés proclamouse Campión de España na División de Honra, e é un feito histórico. O club Bm. Porriño tamén acadou unha magnífica clasificación.

Na División de Prata non houbo ascensos, e mantivéronse os Clubs Sd. Carballal, SAR, SD. Chapela, Bm. Seis do Nadal.

As competicións autonómicas desenroláronse dun xeito normalizado aínda que houbo uns déficits nas competicións de base, xa que algunhas cousas non se fixeron ben.

O nivel en Galicia está en moi boa situación, e hai o redor dunhas 11000 licenzas, cun lixeiro aumento nas femininas respecto das masculinas.

A Copa da Raíña que se celebrou en Porriño, foi un éxito, aínda que non houbo ningún equipo galego na final. Neste momento estase en negociacións para poder celebrar a Supercopa Feminina en Vigo.

Noutro orden de cousas, tamén se celebrará na primeira semana de xaneiro o Campionato de España de Seleccións Territoriais entre Vigo e Pontevedra.

Os días 6, 7 e 8 de xaneiro de 2018 celebrarase o Torneo Internacional de España, no que participará a Selección Española e tres selección absolutas mais, aínda por confirmar.

No ano 2019 celebrarase o Mundial Junior, contando coa presenza de España, e a final celebrarase entre Vigo e Pontevedra. Este evento celebrarase entre Vigo e Pontevedra, concedéronnos dous grupos e se está a negociar poara traer os dous grupos que faltan e intentar que se xogue na Coruña, Lugo e Ourense.

A celebración do mundial nas cidades de Vigo e Pontevedra foi unha aposta das institucións, Concello de Vigo, Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

Informar tamén de que se acaba de celebrar o Area 1000 en Bueu, cun gran éxito de participación, desde a federación estase a dar un gran impulso al balonmán Praia. Rematou estos días o Campus JDR. Cunha participación de 140 nenos/as.

Celebrouse en Meaño o primeiro ciclo do curso de Adestrador Nacional. Este curso ofertouse para que os adestradores galegos puideran facelo e ao final máis do 50% dos cursillistas eran de fora de Galicia. No curso participaron 26 persoas e case que non o deixan facer xa que o mínimo ten que ser de 30. É una bagoa que mais adestradores territoriais non aproveitaran esta oportunidade. Intentarase solicitar o 2º ciclo para o ano 2018.



Na Xunta Directiva celebrada pola mañá acordouse proponer á assemblea nomear unha “Cidade ou Pobo do Balonmán”, no que se celebrarían todas as finais organizadas pola Federación (Copa Federación, Fase Final de Clubs Alevín, Benxamín, a assemblea, etc), se plantexa coma unha festa do balonmán, no que todos os eventos se celebrarían en 3 ou 4 fins de semana. A Federación sacaría unha convocatoria no que irían todas as condicións e as datas de celebración.

Un representante dun club pregunta que beneficios tería para os clubs.

O Presidente di que está pensado para repartir os eventos en toda Galicia, e que non vai a ser todo en Pontevedra. A idea é que se concentre todo nunha localidade.

O representante do Club Meaño pregunta quen correría cos gastos da organización.

O Presidente di que se faría un pliego de condicións no que se estipularían todas as condicións.

O representante do club Viveiro di que lle parece unha idea fantástica, e que si se celebra unha final da Copa Galicia, debería celebrarse unha minicopa xa que sería máis interesante, e que tería que facerse un paquete no que se ofertara todo, é que a Copa Galicia debería ser televisada.

O Presidente di que esa é a idea ofertar un paquete enteiro, assemblea, final copa Galicia, etc. e que se poden unir varios concellos, que ao ser algo novo hai que probar e se non resulta pois darlle unha volta.

O Presidente informa que o Pte. do Comité de Árbitros non pode asistir á assemblea por que se está a celebrar o Bm. Praia na localidade de Marín e que vai a ser él o que informe brevemente sobre o Comité de Arbitros.

O Presidente di que un dos grandes déficits que ten a Federación e o número de árbitros, e que hai algo que se estar a facer mal, que temos un gran problema nos partidos das categorías base. Unha das apostas para a vindeira tempada é apostar pola formación dos árbitros, e que hai que facer moitos máis cursos e conseguir que os árbitros non abandonen o árbitraxe ao final da tempada.

Un dos cambios que se van a facer é traer aos ábitros doutras provincias a arbitrar a Pontevedra, xa que o número de partidos é moito máis grande. Un dos obxectivos é vincular aos árbitros nóveis cos veteranos, é facerlles un seguimento co observadores axeitados.

O Presidente informa de que a Xunta, xa non paga os arbitraxes como antes é que estos forman parte do convenio, co que é moi difícil asumir por parte da Federación o custo dos arbitraxes de Infantil, alevín e Benxamín, desde hai dez anos rebaixaron a subvención ao redor dun 70 %. Sumando todos os conceptos (abono arbitraxes, dotación copa Galicia é convenio)

O compromiso desta federación é que este vai a ser o ano do Comité Territorial de Árbitros, ao que se van a destinar tempo e gañas para que sea productivo.

O Presidente informa dunha boa nova, xa que unha hai unha nova parella internacional Andrés Rosendo López e Sergio Rodríguez Estévez que tamén serán árbitros de categoría Asobal, e que foron felicitados polo aproveitamento do curso. Un dos seus compromisos e que nesta vindeira tempada van a colaborar activamente co comité y coa escola de árbitros.

O Presidente informa á assemblea que a Federación Galega foi a última en asinar o convenio, xa que non coincidía o importe co que a Secretaría tiña que aportar. Firmouse con posterioridade, entendendo a boa disposición da Secretaria Xeral para o Deporte para arranxar este tema. O 12 de xullo o pte da Federación



manterá outra reunión coa secretaria xeral na que se intentará chegar a acordos beneficiosos para a Federación Galega.

O Presidente lle cede a palabra a D. Bruno Molina para falar da Dirección Técnica.

O Sr. López Molina informa que se está a traballar no proxecto presentado fai dous anos, e que pouco a pouco se vai afianzando..

A pasada tempada foi moi difícil a organización dos adestramentos, xa que a maioría dos xogadores xuvenís comparten xornada cos equipos nacionais, e compaxinar as dúas e bastante complicado. A Dirección Técnica está apostando por adestradores xóvenes, estase a estruturar o traballo coas seleccións, e aínda que a prioridade non son os resultados, esperan acadar esta vindeira tempada mellores resultados. O prazo marcado para a consecución dos seus obxectivos é de tres anos.

Os adestramentos por concentracións é unha aposta federativa, xa que os adestramentos semanais realizados o domingo, non son operativos, sácase máis rendemento as concentracións de fin de semana, créase grupo e se asimilan mellor os conceptos, etc. Económicamente é una inversión bastante importante.

O medalleiro conseguido no Campionato de España: Prata a Selección Xuvenil Masculina, Bronce a Infantil Feminina, a Cadete Feminina xogou as semifinais, e non houbo sorte la Cadete e Infantil Masculina. A Xuvenil Feminina, esperaban conseguir o ascenso pero non foi posible pola diferenza de goles.

No torneo de Portugal o Handbal Future Xuvenil Masculino, foi unha moi boa experiencia e agora mesmo estase a disputar o Torneo Cangas de Narcea, no que a Selección Infantil Feminina diputará a final. De cara a vindeira tempada seguirase apostando polos adestramentos por concentracións aínda que con limitación de presuposto.

Comezarase cos adestramentos no mes de agosto. O Torneo do Salnés celebrarase en decembro, aínda que con algún cambios.

O Sr. López Molina para rematar di que de cara ao próximo Campionato de España de 2018 o obxectivo é acadar os mellores resultados posibles, mantendo os mesmos corpos técnicos.

O Presidente Sr. Ouro informa das contas 2016 para a súa aprobación por parte da assemblea.

INFORME ECONÓMICO. CONTAS ANUAIS ANO 2016

O Presidente comunica que o informe de auditoría o entregarán a vindeira semana, Este ano a Federación está obrigada a auditarse, xa que o esixe á Secretaría Xeral para o deporte. De todos os xeitos a Federación Galega de balonmán audítase voluntariamente todos os anos.

Informa de que o resultado deudor do exercicio é de 5.305,71 €, pero que de exercicios anteriores hai unhas reservas de capital por importe de 51.433,00 €.

O presidente informa de que nestes intres hai pendentes de cobro ao redor de 200.000 €, e explica que é moi difícil sobrevivir tendo que afrontar os pagos cando hai administración que non pagan nos prazos marcados.

O representante do Club Carballal, pregunta canto deben os clubs.

O Presidente di que a 31 de decembro a débeda era de 17.014,09 €, xa que a maioría non pagaran os dereitos de participación, pero que no primeiro trimestre do ano a maioría xa os tiñan pagados. E nos



dereitos de arbitrase o mesmo, aínda que non ao 100 %, si que están cobrados a maioría. E no pago do seguro deportivo están todos o corrente dos pagos.

O representante do club Carballal pregunta novamente se os clubs teñen deuda.

O Presidente lle responde que coa Federación Territorial a maioría están ao corrente e que se están a reclamar os arbitaxes que faltan por pagar. Se a súa pregunta é de cara a Federación Española, o Presidente di que ahí non sabe.

Procédese a realizar a votación para aprobación das contas anuais do ano 2016.

VOTACIÓN: SI: 23 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0

O Presidente Sr. Ouro, informa que hai dúas propostas dos representantes arbitrais, e que primeiro vaise a debater a da dotación do corpo arbitral.

PROPOSTAS ÁRBITROS

DOTACIÓN DO CORPO ARBITRAL

Proposta: Dotación do corpo arbitral.

Próponse a esta Asamblea Xeral a dotación ao corpo arbitral por parte dos clubs coas seguintes características:

A aprobación desta proposta obriga a tódolos clubs con equipos federados en idades "Senior" a obriga de inscrición de a lo menos un membro por tempada aos diferentes cursos de formación arbitral que organice o Comité Técnico de Árbitros, en calquera das delegacións correspondentes.

Do mesmo modo, búscase unha maior colaboración entre colectivos, polo que buscaría que aquel club que aportará máis de 5 persoas a un curso arbitral terá bonificados os dereitos de inscrición de 1 curso de monitor de balonmán (nivel 1)

Esta proposta nace co espírito de achegar a difícil labor de arbitrar non só aos clubs senon tamén cada membro dos equipos. Deste xeito preténdese non só armonizar os diferentes estamentos que conforman este deporte, tanto polo maior coñecemento das diferentes normativas complementarias como especialmente das Regras de Xogo, así como xerar empatía entre colectivos.

Un maior coñecemento dos Réximes que lexislan este maravilloso deporte repercute beneficiosamente no exercicio do mesmo, xa que colabora no bo facer do xogo, no fair play así como un ambiente máis saudable tanto dentro do tereno de xogo como fóra do mesmo.

O Presidente lle cede a palabra ao representante do estamento arbitral D. Pedro Eiras.

O representante do estamento de árbitros D. Pedro Eiras, informa de que esta proposta ven dada, despois de que puseran en marcha o proxecto colabora e moitos dos clubs grandes non aportaran nin unha persoa, por eso cree que debe ser obrigatorio que os clubs aporten alo menos a un membro por tempada e se aportan máis de 5, serían bonificados cun dereito de inscrición ao curso de nivel 1 de monitor.

O representante do Club Culleredo di que a opción de obligar non lle parece a adecuada, e que xa hai varios anos había en Culleredo 4 ou 5 persoas arbitrando, e que agora se vai a facer un curso arbitral.

Polo que se debería facer unha reflexión, e pensar que si se dota aos rapaces de material, equipamento e de unha serie de garantías para o seu pagamento, non se irían, e obligar non lle parece para nada correcto, máis ben el falaría de implicación.



O Sr. Eiras, di que é algo que se pode falar e que si a palabra obrigatoriedade é o impedimento pois que se retira, pero comenta que cando se puxo en marcha o proxecto colabora, moitos clubs non aportaron ningunha persoa para o mesmo.

O Presidente di que ao ser unha proposta ten que implicar unha obrigatoriedade, e que si se aproba ten que levar un compromiso real por parte dos clubs, di que está dacordo co que se está a dicir é que se fixeron moitos cursos que ao final non aportaron ningún árbitro, xa que non se coidou deles.

O representante do club Viveiro di que a palabra obrigatoriedade non lle gusta, que fixeron un curso con 30 árbitros e que todos o deixaron, xa que non lles pagaban, di que enviou xente para o proxecto colabora e que nadie o chamou.

O Sr. Eiras di que estaban a esperar a xuntar a xente de todos os clubs para facer os cursos.

O representante do club Ribadosar di que ao seu entender o que teñen que facer é ir día a día e que teñen que organizar os cursos coas persoas que teñen anotadas e que despois si veñen máis pois mellor, pero que non se pode perder a xente que xa está interesada en colaborar. Que él tivo dous nenos que empezaron a pitar e que ao final se desmotivaron xa que nin lles deron equipación, nin lle agradeceron nada.

O representante do club Carballal di que hai un problema moi grande de árbitros, e que teñen que moverse, ir a universidade, a colexios, etc, que non soamente teñen que ser os clubs os que aporten árbitros.

O Presidente di que non funciona así e que a maioría de árbitros saen de xogar ao balonmán.

O representante do club Carballal di que hai cousas moito máis graves.

O Presidente lle resposta que o que se está a tratar neste momento é da proposta dos representantes arbitrais.

O representante do Club Lavadores di que cando empezou o proxecto colabora enviou a xente e que a día de hoxe lle están a preguntar que cando empeza, a impresión que él ten e que se empezou con moitas gañas pero que ao final se desinflaron..

O representante do Club Xiria di que outro dos problemas da obrigatoriedade da proposta é que hai que regulalo e saber o que lle vai a pasar aos clubs que non cumpren, que aínda que os clubs son responsables desta situación non son os únicos.

O Presidente di que todos temos algo de culpa no tema arbitral.

O Sr. Fernández Carrera di que acaba de escoitar que este ano ía ser o ano dos árbitros, polo tanto hai que esperar e que a base está en colaborar e preguntar por qué os clubs non colaboran. Pensa tamén que é a Federación a que debe sacar adiante o proxecto.

D^a Andrea Cabaleiro fai un matiz, xa que cando se redactou a proposta tiña que ser obrigatorio e non voluntario, por que o que se buscara era a empatía, e está de acordo que desde o comité se pode traballar mellor, pero di que tamén en verdade que cando un vai a arbitrar e escoita as cousas que se din desde grada, moitos abandonan polo que escoitan.

O Sr. Fernández Carrera pregunta se alguén é consciente de cantos clubs lle enseñan regulamento aos seus xogadores.



O Presidente di que é o club o que debe facelo, non a Federación nin o Comité de Árbitros.

O Sr. Eiras di que hai clubs que lles teñen chamado para explicar as regras de xogos aos seus xogadores.

O representante do club Culleredo di que solicitou un curso de árbitros e que espera que sea factible realizarlo en setembro.

O Presidente lle pregunta ao Sr. Eiras si retira a proposta e darlle un voto de confianza aos clubs.

O Sr. Eirás di que a retiran.

FORMA PAGO ÚNICA

Proposta: Forma de pago única

Próponse a esta Asamblea Xeral a obriga dos clubs de establecer como forma de pago para os dereitos arbitrais dacordo coas seguintes razóns:

A aprobación desta proposta obriga a tódolos clubs o abonamentos dos diferentes dereitos arbitrais mediante transferencia bancaria ou pago on-line(so nas categorías que o pago realícese en concepto de fondo arbitral) a Federación Galega de Balonmán, xestora de ditos dereitos. Con esta medida búscase evitar problemas de tipo administrativo como son a falta de firma nos cheques, posibles extravío, ... de modo que se lle libere o árbitro da labor de ser intermediario de dita función.

Nestes termos expónse tamén a obrigatoriedade de presentar xustificante de transferencia bancaria ós colexiados do partido para adxuntar o acta do partido, neste deberá figurar: categoría, partido, xornada e código se o houbese.

O Presidente lle cede a palabra ao representante do estamento arbitral D. Pedro Eiras.

O Sr. Eiras di que esta proposta ven dada para evitar problemas administrativos, e liberar ao árbitro da labor de intermediario.

O representante do Club Ribadosar di que él quere que todos os arbitrxes se paguen por transferencia.

D^a Andrea Cabaleiro di que por regulamentación ás mesas teñen que pagarse en efectivo.

O Pte. do Cte. de Actividades Sr. Agullo di que si se aproba o Noreba pode cambiarse.

O Presidente lle di aos asembleístas que teñen que expoñer a súa opinión xa que vai a ser aquí onde se decida.

O representante do Club Lavadores di que a proposta que lle chegou é que os clubs tiñan que facer o ingreso antes do partido e entregarle a fotocopia do mesmo ao árbitro.

D^a Andrea Cabaleiro di que non é unha decisión soamente deles. E que as mesas e os arbitrxes cadete por normativa está aprobado que deben de pagarse en man.

O presidente di que o pago os árbitros o teñen garantizado pola Federación. Que a Federación está de acordo en que os clubs paguen por transferencia tamén os arbitrxes cadetes e as mesas autonómicas, xa que as nacionais non dependen da Federación.

O Sr. Eiras di que é unha decisión que ten que consultar cos seus compañeiros e que él non pode dicir que si a iso.



O Presidente resposta que sabendo o que opina a assemblea, que lle propoña aos árbitros o falado na assemblea para que todos os pagos das categorías autonómicas incluídos os cadetes e as mesas, se fagan por transferencia.

O Presidente lle di aos presentes que fara todo o que esté na súa man para que os árbitros acepten esta forma de pagamento.

Queda constancia que o pago do fondo arbitral poderá facerse ata as 14:00 horas do seguinte día hábil da celebración do partido.

Procédese a realizar a votación para o pago do fondo arbitral por transferencia ata as 14:00 horas do seguinte día hábil da celebración do partido.

VOTACIÓN: SI: 20 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1

PROPOSTA COMPETICIONS DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL, CADETE E XUVENIL MASCULINO E FEMININO

PROPUESTA COMPETICIONES DIVISION DE HONOR INFANTIL, CADETE Y JUVENIL MASCULINO Y FEMENINO

Al finalizar la temporada 2017/2018, los equipos clasificados en los puestos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º y 6º de División de Honor, serán equipos de División de Honor.

En el mes de Septiembre de 2018, todos los equipos inscritos en los plazos previstos por la FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO en las categorías infantil, cadete y juvenil podrán participar en una fase previa de ascenso a División de Honor (PLAY OFF DE ASCENSO).

Este PLAY OFF DE ASCENSO se disputará en sectores de fin de semana. Serían cabezas de serie y por lo tanto sedes, si así lo solicitaran, los equipos clasificados en los puestos, el campeón de 2º División Autonómica, 7º, 8º, 9º, 10º y 11º en la liga de División de Honor de la temporada 2017/2018.

Se clasificarían para jugar en División de Honor los 6 mejores clasificados de estos sectores de ASCENSO.

La liga 2018/2019 de División de Honor en categorías infantil, cadete y juvenil masculina y femenina estaría formada por 12 equipos.

1º Fase o fase regular: Los 12 equipos jugarán bajo el sistema de liga todos contra todos a doble vuelta. El primer clasificado será el Campeón Gallego y ocupará la primera de las plazas para disputar el campeonato de España.

2º Fase: Los equipos que terminen en los puestos 2º, 3º, 4º y 5º disputarán en un fin de semana un sector para establecer que equipos ocupan las plazas restantes para disputar el campeonato de España.

Los equipos que no disputen esta División de Honor, jugarán en la 2ª División Autonómica, que se organizará por cercanía geográfica. El equipo campeón de 2ª División saldrá de una fase sector, que jugarán los 2 primeros clasificados de cada grupo, siempre y cuando hubiera 2 grupos, los 4 primeros clasificados si solo hubiese 1 grupo y en el supuesto de 3 grupos los 3 ganadores de cada grupo y el mejor segundo clasificado.

O Presidente lle cede a palabra ao representante do Club Culleredo.

O representante do Club Culleredo di que o espírito desta proposta é o mesmo que a do ano anterior.

Trátase dun único obxectivo é que a competición sexa máis competitiva. Xeralmente hai unha serie de partidos para os que a actual competición funciona pero para a maioría non, na categoría infantil do 5º posto para abaixo a competición non é atractiva.

O representante do Club Seis do Nadal di que ao final da tempada teñen que xogar a clasificación e que ao final en dous partidos ao principio da seguinte se perdes descendes a 2ª, e que non lle parece acertado.

O representante do Club Culleredo di que non se trata de que se xogue todo a dous partidos se non de que todo o campeonato sexa competitiva e que en setembro se abre de novo a competición a todos.



O representante do Club Seis do Nadal di que ao mellor ao principio da tempada non ten os memos xogadores e que non lle parece ben a proposta.

O Sr. Fernández Carrera pregunta cómo se vai a solucionar o tema das datas, xa que nalgunhas categorías hai ata 40 equipos.

O representante do Club Culleredo di que se poden facer varias sedes.

O Sr. Fernández Carrera pregunta cómo son os play off.

O representante do Club Culleredo di que os play off serán de fin de semana.

O Presidente aclara que a proposta é para a tempada 2018-19.

O Pte. do Cte. de Actividades Sr. Agulló expón un borrador co número de equipos de categorías cerrados para esta tempada, di que este ano hai que comezar o 17 de setembro, xa que se necesitan 23 datas. Di que se tería que xogar o 7, 8 e 9 de setembro, xa que é unha fase tipo sector, e que habería dificultade para igualar os calendarios.

O representante do Club Seis do Nadal pregunta si nesas datas os xogadores teñen seguro e si terían que ter as licenzas tramitadas.

O Presidente responde que si teñen seguro e que terían que tramitar as licenzas co papeleo necesario coma sempre.

O Sr. Fernández Carrera pregunta por qué eliminar os sectores.

O representante do club Culleredo di que o primeiro non participa por que é coma un premio, e que así a motivación e que xoguen de maneira máis competitiva.

O Presidente di que a proposta é boa pero que hai que madurala, polo que propón que se constitúa unha comisión que ten que saír desta asamblea para confeccionar e mellorar a proposta, xa que cada un está plantexando un problema.

O Sr. Fernández Carrera di que hai moitos equipos que non se van a poder presentar xa que non poden ter listos os papeis para esas datas.

O Presidente di que as datas son moi apuradas e que vau a plantexar un problema coa tramitación das licenzas.

O representante do Club Meaño di que sucedería si un deses seis equipos non ten un equipo competitivo.

O representante do Club Culleredo di que na asamblea do ano pasado non se aprobou a proposta e por iso este ano o fixeron do 7 ao 12.

O Sr. Agullo di que as datas están xustas se as tres categorías van xuntas, pero que si non van, pois que as datas pódense ampliar e facelo a finais de setembro en infantil. É algo que os clubs teñen que valorar, xa que na categoría cadete non hai que dar o campión ata finais de abril e infantil na 1ª semana de maio.

O Sr. Agullo como exemplo di que na reunión deste ano hai 8 equipos que teñen as tres categorías.

O representante do Club Seis do Nadal pregunta que con esa competición cando se fan as reunión das competicións.



O Sr. Agulló responde que en agosto como ata o de agora.

O Presidente di que hai que votar a proposta ou crear unha comisión de traballo e consensuar a proposta.

D^a Andrea Cabaleiro pregunta si non se pode xogar en xuño.

O Sr. Agulló responde que non é factible.

O representante do Club Culleredo di que o que se pretende é mellorar a competición e que é moi difícil poñer de acordo a 30 persoas.

O Presidente di que si se crea a comisión hai que darlle competencia absoluta e cerrar prazos.

O representante do Club Ribadosar di que a única pega que lle ve é que e moi pronto a competición para a tramitación das licencias e o papeleo.

O representante do Club Carballal di que os nenos infantís en setembro non están todos, xa que aínda non comezaron as clases e que si as categorías van separadas a competición é moi cara.

O representante do Club Xiria di que os problemas son sempre os mesmos e que hai que decidir si se vota a proposta ou se crea unha comisión de traballo.

O Presidente di que o que se decida aplicárase na tempada 2018-19.

O Sr. Fernández Carrera di que a clasificación en igualdade non existen.

O representante do Club Culleredo di que lle parece moi importante que as tres categorías vaian xuntas, xa que é razoable, e que isto constitúe unha nova liña de traballo. Solicita que se vote a proposta

Procédese a realizar a votación para as competicións Infantil, Cadete e Xuvenil Masculina e Feminina para a tempada 2018-19.

VOTACIÓN: SI:11 NON: 5 ABSTENCIÓN: 5

MODIFICACIÓN NOREBAGA

O Presidente informa da modificación do artigo 6.3 e di que a mesma é obligatoria:

Apróbase incluír no Art. 6 apartado 3 do NO.RE.BA.GA o seguinte parágrafo:

“ Para solicitar as citadas Licenzas, deberá ademais, según corresponda, aportarse certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais”

REDACCIÓN ARTIGO 6.3.

As licenzas dos adestradores e demais oficiais que interveñan nas Competicións Territoriais, deben cumprir as esixencias de titulación que se especifiquen nas Normas Xerais das Competicións Territoriais.

Para solicitar a tramitación das citadas licenzas, deberán ademais, según corresponda, aportar certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.

APLICACIÓN DAS REGLAS DE XOGO DA IHF. DA TEMPADA 2016-17 A TODAS AS CATEGORÍAS SENIORS

PROPOSTA: APLICACIÓN DAS REGLAS DE XOGO DA IHF TEMPADA 2016-17

1. APLICACIÓN DA REGLAS DE XOGO DA I.H.F. DA TEMPADA 2016/2017 A TODAS AS CATEGORÍAS SENIORS.

Na tempada 2016/2017 puxéronse en prácticas as novas Regras de Xogo que a IHF instaurou nas olimpíadas de Brasil.



A tempada pasada, a Federación Galega de Balonmán incorporou só tres destas regras nas súas competicións.

A partir da tempada 2017/2018, serán de aplicación para todas as categorías seniors, sendo estas regras as seguintes:

1º SETE XOGADORES DE CAMPO

2º XOGADOR LESIONADO

3º XOGO PASIVO

4º ÚLTIMO MINUTO

5º CARTÓN AZUL

Para o resto de categorías territoriais (Xuvenís, Cadetes e Infantís), seguirán sendo de aplicación as tres seguintes regras:

1º XOGO PASIVO

2º ÚLTIMO MINUTO

3º CARTÓN AZUL.

O Presidente informa de que é mellor que en todas as competicións senior se xogue con todas as regras (5), xa que en 1ª categoría é obrigatorio e en 2ª debe selo tamén para facilitarlle o traballo aos árbitros.

Dª Andrea Cabaleiro di que para aplicar as 5 regras todos os partidos teñen que ter mesas.

O Sr. Agulló di que os equipos teñen que ter comprensión e que non hai mesas para todos os partidos, pero que as regres deben aplicarse todas por que en categoría feminina os equipos de 2ª poden xogar na mesma tempada en 1ª.

Procédese a realizar a votación para aplicación das regras de xogo da IHF. Da tempada 2016-17 a todas as categorías seniors.

VOTACIÓN: SI: 14 NON: 1 ABSTENCIÓN: 0

COMPOSICIÓN DE EQUIPOS SENIOR MASCULINOS. COTA PRINCIPAL.

PROPOSTA: Suprímese do Art. 37.A) do NOREBÀ -GA o seguinte parágrafo:

Competición de 1ª Autonómica só se poderá tramitar a licenza número 15 de xogador senior nacido ata 1994 sempre e cando se teñan as tres licenzas de xogadores sub-23 xa tramitadas e na Competición de 2ª Autonómica só se poderá tramitar a licenza número 16 de xogador senior nacido ata 1994 sempre e cando se teñan as dúas licenzas de xogadores sub-23 xa tramitadas.

O Presidente di que se aprobou na assemblea da RFEBM. e que é un mero trámite xa que imos a aprobar o aprobado noutra assemblea.

Procédese a realizar a votación para composición dos equipos senior masculinos. Cota principal.

VOTACIÓN: Si: 14 non: 0 ABSTENCIÓN: 1

FINALIZACION PARTIDO

PROPOSTA: FINALIZACIÓN PARTIDO:

En todas as competicións territoriais de categoría cadete e infantil feminina e masculina, cando un equipo consiga unha diferenza de 30 goles, darase por finalizado o encontro co resultado que exista nese momento. O tempo de xogo que quede seguirase disputando sen incidencias na acta nin valor clasificatoria, non contabilizándose nin os goles e nin o resultado que se produza neste tempo. Soamente terase en conta a sanción disciplinaria habida anteriormente e, en caso de descualificación, será remitido ao Comité Territorial de Competición.

O partido renovarase con saque de centro para o equipo que encaixase o último gol.

O Presidente lee a proposta e di que eles na assemblea da RFEBM. votaron en contra.



O Sr. Fernández Carrera pregunta por qué non.

O Presidente di que por que si un club necesita un número de goles para ser primeiro, poderías necesitar os goles dese partido.

O Sr. Fernández Carrera di que ningún equipo vai a querer gañar de 30 ata finalizar o partido.

Procédese a realizar a votación para a finalización do partido:

VOTACIÓN: SI: 2 NON: 10 ABSTENCIÓN: 6

COMPETICIONES TEMPADA 2017-18

CATEGORÍAS SENIORS

1.- PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA -CAMPIONATO TERRITORIAL

FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Esta competición desenrolarase en unha única fase e os doce equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos, a dobre volta.

DESCENSOS:

Descenderán os equipos clasificados no duodécimo e no undécimo posto do Campionato, se na Competición de 2ª División Autonómica participan máis de dez (10) equipos.

Descenderá o equipo clasificado no duodécimo posto do Campionato se na Competición de 2ª División Autonómica participan dez ou menos equipos.

Igualmente, descenderán correlativamente tantos equipos como equipos pertencentes a esta Federación Territorial descendan de Primeira División Estatal Masculina.

Para establecer os equipos que tomarán parte nesta Competición na tempada 2018/19 terase en conta o número de equipos desta Territorial que ascendan a 1ª División Estatal.

PROMOCIÓN:

Promocionará pola permanencia o equipo seguinte na clasificación final desta Competición que non descenda directamente.

A promoción se disputará, unha vez rematada a Fase Estatal de Segunda División Masculina, polo sistema de eliminatoria a dobre partido entre un equipo de 1ª Autonómica e outro de 2ª Autonómica, disputándose o encontro de volta no terreo de xogo do equipo de 1ª División Autonómica.

COPA FEDERACIÓN GALEGA

A participación nesta Competición será de carácter obrigatorio para todos os equipos participantes na Categoría de 1ª Autonómica Masculina e se disputará en dúas Fases.

Na Primeira Fase os doce equipos participantes distribuiranse en tres grupos de catro equipos cada un. Xogarse polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a unha soa volta dentro de cada grupo.

A Fase Final será disputada polos equipos clasificados en primeiro lugar de cada un dos grupos da Primeira Fase e polo mellor segundo clasificado dos tres grupos. Xogando baixo o sistema de eliminatoria a partido único, semifinal e final, e no terreo de xogo que determine a Federación Galega de Balonmán. Na eliminatoria de semifinal non poderán coincidir aqueles equipos que na Primeira Fase houberen estado encadrados no mesmo grupo.

2.- SEGUNDA DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA FÓRMULA DE COMPETICIÓN

A competición desenrolarase dependendo do número de equipos inscritos:

-Se o número de equipos inscritos é de 12, 13, 14, se fará unha Competición única en liga regular:

Os equipos participantes formarán un grupo único e xogarán a clasificación polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta.

-Se o número de equipos inscritos é entre 15 e 20, Formación de dous grupos e a competición desenrolarase en dúas fases, levándose a cabo de acordo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª Fase:

Os Equipos Participantes se dividirán en dous grupos, xogándose polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta dentro de cada grupo. A composición dos grupos da Primeira Fase será establecida en función da clasificación da tempada 2016/17.

2ª Fase

Grupo Polo Título

Os catro primeiros clasificados de cada grupo xogarán baixo o sistema de liga todos contra todos a dobre volta, tendo validez os resultados entre os equipos do mesmo grupo da 1ª Fase (8 xornadas).

Grupo de Clasificación:

O resto de equipos participantes formarán un grupo e disputarán a clasificación polo sistema de liga todos contra todos a dobre volta, tendo validez os resultados entre os equipos do mesmo grupo da 1ª Fase.

ASCENSOS:

Ascenden directamente a 1ª Autonómica os equipos clasificados nos postos 1º e 2º do Grupo polo Título da 2ª Fase. Se o número de equipos participantes é de 10 ou menos, só ascenderá o equipos clasificado en primeiro lugar.



PROMOCIÓN:

Promocionará o equipo clasificado no posto 3º do Grupo polo Título da 2ª Fase desta Competición, sempre e cando o número de equipos participantes sexa superior a 10.

COPA FEDERACIÓN GALEGA

A participación nesta Competición será de carácter **obligatorio** para todos os equipos que se inscriban para participar na Competición e se disputará en dúas Fases.

Na **Primeira Fase** se hai doce equipos participantes distribuiranse en dous grupos de seis equipos cada un. Xogarase polo sistema de liga, baixo a fórmula d todos contra todos a unha soa volta dentro de cada grupo.

A **Fase Final** será disputada polos equipos clasificados en primeiro e segundo lugar de cada un dos grupos da Primeira Fase. Xogando baixo o sistema de eliminatoria a partido único, semifinal e final, e no terreo de xogo que determine a Federación Galega de Balonmán. Na eliminatoria de semifinal non poderán coincidir aqueles equipos que na Primeira Fase houberen estado encadrados no mesmo grupo.

NOTA: Nesta Competición **facultar ao Comité Territorial de Actividades para que dependendo do número de inscricións poidan presentar alternativas de competición e datas de celebración da mesma na reunión de clubs.**

CATEGORÍAS SENIORS FEMININAS

3.- PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA

No caso de que **NON** haxa máis de 14 equipos inscritos a competición realizaríase **nun grupo único**, baixo a fórmula de liga todos contra todos a dobre volta.

En caso de que houberse máis de 14 equipos, formaríanse dúas divisións:

Número de equipos	Equipos 1ª	Equipos 2ª
15	8	7
16	8	8
17	8	9
18	8	10
19	8	11 (6+5)
20	8	12 (6+6)
...		
24	2	8
		16 (8+8)

Fórmula de competición con dúas divisións:

Primeira División Autonómica:

Primeira Fase: Liga de oito equipos que xogarán a clasificación baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta (14 xornadas). Disputarían a Primeira División os oito equipos cos dereitos adquiridos na Competición Territorial da tempada 2016/17.

Segunda Fase ou Fase Final: Liga de seis equipos que xogarán a clasificación baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta (10 xornadas). Disputarían esta Segunda Fase ou Fase Final os catro primeiros equipos clasificados da Primeira Fase da Primeira División Autonómica Feminina e os dous primeiros clasificados da Primeira Fase da Segunda División Autonómica.

4.- SEGUNDA DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA

Ata dez equipos liga a dobre volta. Se houberse once ou máis formaríanse dous grupos.

Os dous primeiros equipos clasificados da Primeira Fase do Campionato Territorial da tempada 2017/18 disputarían a Segunda Fase ou Fase Final do Campionato Territorial de Primeira División Autonómica, xunto cos catro primeiros clasificados de Primeira División.

Os equipos non clasificados para a Segunda Fase ou Fase Final xogarán unha segunda fase de clasificación

Ascensos y descensos:

Formarán a (Primeira División) 2018 / 2019 os seis equipos que disputen a Fase polo Título e os dous primeiros clasificados da Segunda Fase de Clasificación de Segunda División Autonómica Feminina.

NOTA: Nesta Competición de Segunda División Autonómica Feminina **facultar ao Comité Territorial de Actividades para que dependendo do número de inscricións poidan presentar alternativas de competición na reunión de clubs para a Segunda Fase ou Fase de Clasificación.**

COPA FEDERACIÓN GALEGA

A participación nesta Competición será de carácter **obligatorio** para todos os equipos que se inscriban para participar na Competición de Primeira e Segunda División Autonómica Feminina.

A Competición será conxunta (equipos de Primeira División e equipos de Segunda División) é se as datas o permiten a Primeira Fase se celebraría con anterioridade a disputa dos Campionatos Territoriais.

CATEGORÍAS DE BASE MASCULINAS

5. DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL, CADETE E INFANTIL

Campionato Territorial

Grupo único de 12 equipos

Fórmula de Competición: Liga a dobre volta (22 xornadas).

1º clasificado: Accede directamente a Fase Estatal do Campionato.

2º, 3º e 4º clasificados disputan unha Segunda Fase ou Fase Final onde se decidiría o resto de equipos clasificados para a Fase Estatal.



Fase Final Campionato Territorial

Sector de 4 equipos: 2º, 3º e 4º clasificados de División de Honra e primeiro clasificado de Segunda División.

Fórmula de Competición: Liga a unha volta entre os catro equipos (3 xornadas nun fin de semana).

Lugar de celebración: no terreo de xogo do equipo mellor clasificado de División de Honra.

Descensos:

Descenderán os equipos clasificados no duodécimo e no undécimo posto do Campionato Territorial de División de Honra, se na Competición de 2ª División participan máis de dez (10) equipos.

Descenderá o equipo clasificado no duodécimo posto do Campionato de Liga se na Competición de 2ª División participan dez ou menos equipos.

Promoción:

Promocionará o equipo clasificado no posto décimo se na Competición de 2ª División participan máis de dez (10) equipos.

Promocionará o equipo clasificado no posto undécimo se na Competición de 2ª División participan dez un menos equipos.

A promoción se disputará polo sistema de eliminatoria a dobre encontro. A orde dos terreos de xogo da eliminatoria de Promoción será establecido por sorteo.

COPA FEDERACIÓN GALEGA

A participación nesta Competición será de carácter **obligatorio** para todos os equipos que se inscriban para participar na Competición e se disputará en dúas Fases.

Na **Primeira Fase** os doce equipos participantes distribuiranse en dous grupos de seis equipos cada un. Xogarase polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a unha soa volta dentro de cada grupo.

A **Fase Final** será disputada polos equipos clasificados en primeiro lugar de cada un dos grupos da Primeira Fase. Xogando baixo o sistema de eliminatoria a partido único e no terreo de xogo que determine a Federación Galega de Balonmán.

A eliminatoria final disputarase nas tres categorías na **mesma localidade** o día 2/3 de xuño de 2018.

6. SEGUNDA DIVISIÓN XUVENIL E CADETE

Campionato Territorial

Primeira Fase:

Se o número de equipos inscritos é inferior a doce (12), grupo único que xogarán a clasificación polo sistema de liga a dobre volta.

Se o número de equipos é de doce (12) ou superior se atenderá o establecido polo seguinte cadro:

Número de equipos	Grupos	Equipos
12	2	6 + 6
13	2	6 + 7
14	2	7 + 7
15	2	7 + 8
16	3	8 + 8
17	3	8 + 9
18	3	9 + 9
19	3	6 + 6 + 7
20	3	6 + 7 + 7
21	3	7 + 7 + 7
22	3	7 + 7 + 8
23	3	7 + 8 + 8
24	3	8 + 8 + 8
...		
32	4	8 + 8 + 8 + 8

Fórmula de Competición: Liga a dobre volta en cada grupo (10 a 18 xornadas)

Segunda Fase

Grupo polo Título

6 Equipos que disputarán a clasificación polo sistema de liga a dobre volta.

Se hai 2 grupos na Primeira Fase clasifícanse para a Fase do Título os tres primeiros equipos clasificados de cada grupo.

Se hai 3 grupos na Primeira Fase clasifícanse para a Fase do Título os dous primeiros equipos clasificados de cada grupo.

Se hai 4 grupos na Primeira Fase clasifícanse para a Fase do Título o primeiro clasificado de cada grupo e os dous mellores segundos.

Ao rematar a Primeira Fase os equipos de Segunda División non clasificados para disputar a Segunda Fase xogarán, **de forma obrigatoria**, a Copa "Federación Galega".

Ascensos:

-Se participan máis de dez (10) equipos: Ascenderán os dous primeiros clasificados da Segunda Fase (Grupo polo Título).

-Se participan dez (10) ou menos equipos: Ascenderá unicamente o primeiro clasificado.

Promoción:

Promocionará polo ascenso o equipo seguinte mellor clasificado que non ascenda directamente (2º clasificado se participan dez ou menos equipos; 3º clasificado se participan máis de dez equipos).

A promoción se disputará polo sistema de eliminatoria a dobre encontro. A orde de encontros desta eliminatoria de Promoción será establecida por sorteo.

Datas de Celebración:

As datas exactas determinaranse na reunión preparatoria das competicións en función do número de equipos participantes.



7. SEGUNDA DIVISIÓN INFANTIL

A Competición de Segunda División da Categoría Infantil terá unha Primeira Fase na que participarán os equipos inscritos das provincias de A Coruña e Lugo nun grupo e noutro grupo os equipos de Pontevedra e Ourense.

A Competición de cada grupo ou zona será organizada por unha Delegación Provincial, cumprindo os requisitos establecidos polo Art. 4.A e 5 do NOREBA – Ga. Quedan autorizadas as Delegacións a establecer os grupos e fases que consideren necesarios para o mellor desenvolvemento da Competición, debendo ao finalizar a mesma estar establecida unha clasificación ordinal, polo menos nos catro primeiros postos.

A data límite de finalización desta Primeira Fase será o día 25 de marzo de 2018.

A Segunda Fase a disputarán os dous primeiros equipos clasificados da Zona Norte (Coruña – Lugo) e os dous primeiros clasificados da Zona Sur (Ourense – Pontevedra), baixo a fórmula de todos contra todos a unha soa volta (tipo sector), durante un fin de semana. A Federación Galega de Balonmán determinará a entidade organizadora da Segunda Fase, tendo prioridade un dos equipos clasificados en primeiro lugar de cada zona.

Ascensos:

Ascenderán os dous primeiros clasificados da Segunda Fase ou Fase Final do Campionato Territorial de Segunda División Infantil Masculino.

Promoción:

Promocionará o equipo clasificado no posto décimo de a División de Honra Infantil Masculina e o equipo clasificado no posto 3º da Segunda Fase ou Fase Final de 2ª División Infantil Masculina polo sistema de eliminatoria a dobre partido. A orde de terreos de xogo será establecido por sorteo.

CATEGORÍAS DE BASE FEMININAS

8. XUVENIL FEMININA

No caso de que **NON** haxa máis de 14 equipos inscritos a competición realizaríase **nun grupo único**, baixo a fórmula de liga todos contra todos a dobre volta.

En caso de que houbese máis de 14 equipos, formaríanse dúas divisións:

Número de equipos	Equipos DH	Equipos 2ª
15	8	7
16	8	8
17	8	9
18	8	10
19	8	11 (6+5)
20	8	12 (6+6)
...		
24	8	16 (8+8)

Fórmula de competición con dúas divisións:

División de Honra:Primeira Fase: Liga de oito equipos que xogarán a clasificación baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta (14 xornadas). Disputarían a División de Honra os oito equipos cos dereitos adquiridos na Competición Territorial da tempada 2016/17.

Segunda Fase ou Fase Final: Liga de seis equipos que xogarán a clasificación baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta (10 xornadas). Disputarían esta Segunda Fase ou Fase Final os catro primeiros equipos clasificados da Primeira Fase da División de Honra Xuvenil Feminina e os dous primeiros clasificados da Primeira Fase da Segunda División.

Segunda División:

Ata dez equipos liga a dobre volta. Se houbese once ou máis formaríanse dous grupos.

Os dous primeiros equipos clasificados da Primeira Fase do Campionato Territorial da tempada 2017/18 disputarían a Segunda Fase ou Fase Final do Campionato Territorial de División de Honra Xuvenil, xunto cos catro primeiros clasificados de División de Honra.

Os equipos non clasificados para a Segunda Fase ou Fase Final xogarían unha segunda fase de clasificación

Formarán a División de Honra da tempada 2018 / 2019 os seis equipos que disputen a Fase polo Título e os dous primeiros clasificados da Segunda Fase de Clasificación de Segunda División Xuvenil Feminina.

9. DIVISIÓN DE HONRA CADETE E INFANTIL

Campionato Territorial

Grupo único de 12 equipos

Fórmula de Competición: Liga a dobre volta (22 xornadas).

1º clasificado: Accede directamente a Fase Estatal do Campionato.

2º; 3º e 4º clasificados disputan unha Segunda Fase ou Fase Final onde se decidiría o resto de equipos clasificados para a Fase Estatal.

Fase Final Campionato Territorial

Sector de 4 equipos: 2º,3º e 4º clasificados de División de Honra e primeiro clasificado de Segunda División.

Fórmula de Competición: Liga a unha volta entre os catro equipos (3 xornadas nun fin de semana).

Lugar de celebración: no terreo de xogo do equipo mellor clasificado de División de Honra.

Descensos:

Descenderán os equipos clasificados no duodécimo e no undécimo posto do Campionato Territorial de División de Honra, se na Competición de 2ª División participan máis de dez (10) equipos.

Descenderá o equipo clasificado no duodécimo posto do Campionato de Liga se na Competición de 2ª División participan dez ou menos equipos.



Promoción:

Promocionará o equipo clasificado no posto décimo se na Competición de 2ª División participan máis de dez (10) equipos.

Promocionará o equipo clasificado no posto undécimo se na Competición de 2ª División participan dez un menos equipos.

A promoción se disputará polo sistema de eliminatoria a dobre encontro. A orde dos terreos de xogo da eliminatoria de Promoción será establecido por sorteo.

COPA FEDERACIÓN GALEGA

A participación nesta Competición será de carácter **obligatorio** para todos os equipos que se inscriban para participar na Competición e se disputará en dúas Fases.

Na **Primeira Fase** os doce equipos participantes distribuiranse en dous grupos de seis equipos cada un. Xogarase polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a unha soa volta dentro de cada grupo.

A **Fase Final** será disputada polos equipos clasificados en primeiro e segundo lugar de cada un dos grupos da Primeira Fase. Xogando baixo o sistema de eliminatoria a partido único (semifinal e final) e no terreo de xogo que determine a Federación Galega de Balonmán.

A eliminatoria final disputarase nas tres categorías na **mesma localidade** o día 9/10 de xuño de 2018.

10. SEGUNDA DIVISIÓN CADETE

Campionato Territorial

Primeira Fase:

Se o número de equipos inscritos é inferior a doce (12), grupo único que xogarán a clasificación polo sistema de liga a dobre volta.

Se o número de equipos é de doce (12) ou superior se atenderá o establecido polo seguinte cadro:

Número de equipos	Grupos	Equipos
12	2	6 + 6
13	2	6 + 7
14	2	7 + 7
15	2	7 + 8
16	3	8 + 8
17	3	8 + 9
18	3	9 + 9
19	3	6 + 6 + 7
20	3	6 + 7 + 7
21	3	7 + 7 + 7
22	3	7 + 7 + 8
23	3	7 + 8 + 8
24	3	8 + 8 + 8
...		
32	4	8 + 8 + 8 + 8

Fórmula de Competición: Liga a dobre volta en cada grupo (10 a 18 xornadas)

Segunda Fase

Grupo polo Título

6 Equipos que disputarán a clasificación polo sistema de liga a dobre volta.

Se hai 2 grupos na Primeira Fase clasifícanse para a Fase do Título os tres primeiros equipos clasificados de cada grupo.

Se hai 3 grupos na Primeira Fase clasifícanse para a Fase do Título os dous primeiros equipos clasificados de cada grupo.

Se hai 4 grupos na Primeira Fase clasifícanse para a Fase do Título o primeiro clasificado de cada grupo e os dous mellores segundos.

Ao rematar a Primeira Fase os equipos de Segunda División non clasificados para disputar a Segunda Fase xogarán, **de forma obligatoria**, a Copa "Federación Galega".

Ascensos:

-Se participan máis de dez (10) equipos: Ascenderán os dous primeiros clasificados da Segunda Fase (Grupo polo Título).

-Se participan dez (10) ou menos equipos: Ascenderá unicamente o primeiro clasificado.

Promoción:

Promocionará polo ascenso o equipo seguinte mellor clasificado que non ascenda directamente (2º clasificado se participan dez ou menos equipos; 3º clasificado se participan máis de dez equipos).

A promoción se disputará polo sistema de eliminatoria a dobre encontro. A orde de encontros desta eliminatoria de Promoción será establecida por sorteo.

Datas de Celebración:

As datas exactas determinaranse na reunión preparatoria das competicións en función do número de equipos participantes.

11. SEGUNDA DIVISIÓN INFANTIL

A Competición de Segunda División da Categoría Infantil terá unha Primeira Fase na que participarán os equipos inscritos das provincias de A Coruña e Lugo nun grupo e noutro grupo os equipos de Pontevedra e Ourense.

A Competición de cada grupo ou zona será organizada por unha Delegación Provincial, cumprindo os requisitos establecidos polo Art. 4.A e 5 do NOREBA – Ga. Quedan autorizadas as Delegacións a establecer os grupos e fases que consideren necesarios para o mellor desenvolvemento da Competición, debendo ao finalizar a mesma estar establecida unha clasificación ordinal, polo menos nos catro primeiros postos.

A data límite de finalización desta Primeira Fase será o **día 25 de marzo de 2018**.

A Segunda Fase a disputarán os dous primeiros equipos clasificados da Zona Norte (Coruña – Lugo) e os dous primeiros clasificados da Zona Sur (Ourense – Pontevedra), baixo a fórmula de todos contra todos a unha soa volta (tipo sector), durante un fin de semana. A Federación



Galega de Balonmán determinará a entidade organizadora da Segunda Fase, tendo prioridade un dos equipos clasificados en primeiro lugar de cada zona.

Ascensos:

Ascenderán os dous primeiros clasificados da Segunda Fase ou Fase Final do Campionato Territorial de Segunda División Infantil Feminino.

Promoción:

Promocionará o equipo clasificado no posto décimo de a División de Honra Infantil Feminina e o equipo clasificado no posto 3º da Segunda Fase ou Fase Final de 2ª División Infantil Feminina polo sistema de eliminatoria a dobre partido. A orde de terreos de xogo será establecido por sorteo.

12. CAMPIONATO GALEGO DE CLUBS ALEVÍN E BENXAMIN MIXTO

A Competición será disputada polo equipo primeiro clasificado da Competición de cada unha das catro provincias en cada categoría.

O Campionato Galego se disputará polo sistema de liga a unha soa volta entre os catro equipos clasificados e nunha xornada na localidade que determine a Federación Galega de Balonmán o día 9 de xuño de 2018.

A data límite de finalización da Fase Provincial será o día 27 de maio de 2018.

O Presidente lle cede a palabra ao Presidente do Comité de Actividades.

O Sr. AGULLO di que a competición é igual que a de esta tempada, que so cambia que na 2ª Autonómica a Copa Federación e nun fin de semana.

A competición feminina é igual que nesta tempada.

Nas categorías de base mantense a competición

O único é que haberá que unificar as datas da Copa Federación nunha única localidade.

O Sr. Agulló di que nas competicións abertas non se vai a permitir que na reunión de clubs se debata unha proposta de competición que unicamente se remita aos clubs e que a Federación se entere o día da reunión.

A categoría 2º infantil seguirán organizándoa as delegacións e haberá unha fase final.

O representante do Club Ribadosar pregunta si na categoría 2ª infantil hai copa.

O Sr. Agulló di que si e que a organizan as delegacións.

O representante do Club Ribadosar di que o seu club nunca xogou unha copa.

O Sr. López Molina, di que é porque se clasificou para o sector, e que aínda que se teña un bo equipo non quere dicir que non se lle dea competición.

A representante do Club Naron pregunta si se vai a celebrar a final a dobre partido.

O Sr. Agullo di que foi o que se acordou na reunión.

Procédese a realizar a votación para as competicións da tempada 2017-18.

VOTACIÓN: SI: 18 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0

ROGOS E PREGUNTAS

O Presidente informa sobre o seguro deportivo e di que a 30 de xuño o seguro tiña contabilizadas asistencias por valor de 290.400 € e que a 31 de agosto a previsión era de 325.000 €. Di que nesta tempada houbo ao redor de 460 asistencias sobre uns 2000 mutualizados, tendo un índice de siniestrabilidade dos mais altos do Estado.

O representante do club Sd. Carballal di que o que son é uns incompetentes, xa que non lle atenderon a unha xogadora porque antes de ir ao médico a atendeu o fisio e que entón a lesión a puido causar él.

O Presidente di que a realidade e que ningún seguro nos quere asegurar de cara a vindeira tempada. E que imos terminar cun problema como a Federación Galega de Rugby.



O Presidente di que a licenza non se emite se non hai seguro xa que soamente a podemos tramitar as federacións territoriais. Di que entre todos temos que buscar unha solución e evitar esta sangría, xa que todos somos responsables, país, clubs, federación, os hospitais pola súa mala praxis, etc.

O representante do Club Culleredo pregunta se hai comparativas con outros deportes colectivos.

O Presidente di que entre as Federacións Territoriais hai diferencias, e que Euskadi é a máis cara 190 € a categoría senior, seguida de Asturias e Cantabria, a máis económica e Madrid cunha media de 85/90 €.

O Sr. Fernández Carrera pregunta pola siniestrabilidade na comunidade de Madrid.

O Presidente responde que é mais baixa, e que ademáis as atención médicas son mais baratas en MAdrid.

O representante do Club Seis Nadal pregunta por qué teñen menos siniestrabilidade en Madrid.

O Presidente non o sabe, pero di que por exemplo en Cataluña mutualízase todo o deporte, incluída a base, que teñen menos lesións e que iso entra no global da póliza que compensa unhas categorías con outras.

O representante do Club Viveiro di que como outros anos él non ten médico e que o que se tiña que conseguir era como en Asturias un acordo coa Segridade Social, e que por muito que digan que non nos quere ninguén é un seguro obrigatorio polo que se nadie nos quere atender ten que facelo o consorcio de seguros.

O Presidente di que a Secretaría Xeral está a negociar que a primeira asistencia a cubra a Seguridade Social, e que o do consorcio se fora certo rugby estaría asegurado e ao final tiveron que chegar a un acordo e pagar ao redor de 400 € por licenza.

O Presidente di que se está a negociar cunha correduría, pero que ademáis dun incremento do 15 % e que se faga un copago de 15 € cada vez que se produce unha asistencia.

O representante do Club Viveiro di que nesta tempada non se presentaron 3 equipos sendo eles locatarios e que él ten viaxado soamente con sete nenos. Que se debería aplicar a normativa

A representante do Club Naron di que non se debería pagar o fondo arbitral sen xogar o partido.

O representante do Club Carballal pregunta se o fondo arbitral ten déficit.

O Presidente di que o fondo arbitral é diñeiro que entra na Federación, que hai unha única conta que xestiona a Federación, e non o Comité de árbitros.

O representante do Club Carballal di que formula a pregunta porque foi no que quedou na Comisión Delegada.

O Presidente di que a federación ten que destinar recursos de outras partidas para facer fronte ao pago de todas as arbitraxess.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a assemblea en Santiago, sendo as 20:00 horas do 08 de xullo de 2017

O Presidente

Xosé Luis Pérez Ouro



A Secretaria,

Mª Luísa Sueiro Cardoso